

Aclaracións sobre os conflitos de interese dos membros das comisións de selección de persoal docente e investigador

Os membros da comisións deberán absterse cando concorra algunha das causas de abstención recoñecidas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro:

- Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro cuxa resolución puidese influír na daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado
- Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilabel e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas na sección anterior
- Ter intervido como perito ou testemuña no procedemento de que se trate
- Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar

De acordo co previsto no artigo 32.4 do RD 678/2023, de 18 de xullo, os membros dunha Comisión de selección deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da Comisión cando concorra algunha das seguintes circunstancias ao respecto dalgunha das persoas candidatas:

- Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.
- Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto coa persoa candidata.
- Ser director/a ou ter dirixido a tese doutoramento, defendida nos últimos seis anos.

En relación con estas circunstancias fanse as seguintes aclaracións:

1. Coautoría de publicacións ou patentes nos últimos seis anos

Para o cómputo dos seis anos tomaranse como datas de referencia a da finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso e, cando exista, a da publicación ou de rexistro da patente. Para o cómputo por anualidades terase en conta o ano en curso e os cinco anos anteriores.

Os seguintes supostos non teñen consideración de coautoría:

_Ser coordinador/a ou editor/a dun volume colectivo, monográfico de revista, volume de actas etc. en que algunha persoa candidata participe como autor/a dun capítulo ou artigo ou viceversa

_Ser autor/a dun capítulo de libro ou dun artigo de revista publicado no mesmo volume ou revista en que unha persoa candidata participe como autor/a doutro capítulo ou artigo

Código Seguro De Verificación	ydeYFuXbJ0bhAn0/a9m8pA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	27/11/2024 13:58:14
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ydeYFuXbJ0bhAn0/a9m8pA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto coa persoa candidata

Existe conflito de interese cando o membro da comisión participa no mesmo proxecto de investigación que a persoa candidata, independentemente da adscrición ao equipo de investigación ou ao equipo de traballo.

Cando o proxecto de investigación ou o contrato/convenio estivese concluído na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes no concurso non existe conflito de interese.

Non teñen consideración de proxectos de investigación as axudas de consolidación da Xunta de Galicia (Grupos de Referencia Competitiva, Grupos con Potencial Crecemento, agrupacións estratéxicas) nin as redes de excelencia.

Os proxectos coordinados están considerados como proxectos independentes.

A vinculación contractual inclúe a contratación con cargo a un proxecto ou contrato de investigación en que algunha das persoas afectadas fose IP ou CO-IP.

3. Ser director/a ou ter dirixido a tese de doutoramento, defendida nos últimos seis anos

Para o cómputo dos seis anos tomaranse como datas de referencia a da finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso e a da defensa da tese de doutoramento.

Teñen a consideración de director/a as persoas que codirixan ou titoricen as teses de doutoramento.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	ydeYFuXbJ0bhAn0/a9m8pA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	27/11/2024 13:58:14
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ydeYFuXbJ0bhAn0/a9m8pA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

